



Plan dixital CEIP Abelendo

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP de Abelendo está localizado no barrio de Abelendo en Moaña, Pontevedra. A dirección exacta é Rúa Abelendo s/n, 36950. O correo electrónico é ceip.abelendo@edu.xunta.gal e se pode acceder a súa web a través do seguinte enlace <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipabelendo/>

Actualmente contamos con 93 alumnos/as de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos sendo as etapas impartidas, polo tanto, as de educación infantil e primaria. O claustro do profesorado está formado por 15 mestras, das que dúas son compartidas con outros centros. Ademais a orientadora e mestra de relixión evanxélica non forman parte do noso claustro, xa que teñen destino noutros centros educativos e veñen ao noso centro dous e un día respectivamente. Deste profesorado 8 son definitivos e o resto provisionais, neste momento.

O noso centro é un centro das aforas de Moaña, situado cara a zona alta. Está situado nunha zona de pouca poboación, aínda que nos arredores se conta con todos os servizos. O centro ten servizos de comedor e transporte escolar e, de xeito xeral, podemos dicir que conta con todos os servizos e recursos básicos necesarios nun centro destas características.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O pobo de Moaña conta con tódolos servizos básicos para poboación. Os sectores económicos predominantes son o sector servizos así como o sector primario, especialmente, a pesca. Moita xente traballa en Vigo xa que o gran núcleo urbano máis próximo. A nivel cultural o pobo dispón de varias bibliotecas e centros socioculturais que ofertan variedade de actividades ós seus veciños.

En canto o noso centro en particular poderíase dicir que o nivel sociocultural das familias é medio.

Dende este centro búscase o avance da educación a par que avanza a sociedade. É por elo que dende este ano apostouse por a interdisciplinidade das áreas que se agrupan nalgúns momentos da xornada por ámbitos e tamén polo cambio dos espazos mellorando a habitabilidade do centro e o benestar do alumnado. Co proxecto E-Dixgal faise a aposta pola introdución das novas tecnoloxías no día a día do alumnado mellorando desta forma a competencia dixital dos nenos e nenas e do equipo docente.

Ademais este ano solicitouse formar parte do novo proxecto de Polos creativos seguindo na liña de mellorar e innovación pola que quere continuar o centro.

Se temos que falar de como contribuirá esta Plan Dixital ao Proxecto Educativo, debemos dicir que para a nosa Comunidade Educativa esta non era unha prioridade. Fai dous anos fixemos un traballo de reflexión conxunta coas familias que quixeron participar sobre cales eran os valores ou as sinais de identidade que queríamos que nos identificasen como centro e o certo é que a dixitalización e as novas tecnoloxías non eran unha prioridade para a nosa comunidade educativa. A nosa proposta educativa estaba máis ben baseada no contacto coa natureza, na experimentación, na vivencialidade das aprendizaxes, no estímulo da creatividade a través do traballo de diversas disciplinas, na educación emocional e educación integral do alumnado. Sí é certo que, cando apareceu a pandemia, foi moi necesario empregar a tecnoloxía para continuar co proceso

de ensino- aprendizaxe e chegar ao alumnado e ás familias nas súas casas, feito polo cal, tras percatarnos da importancia do mesmo, se solicitou a inclusión no programa e-dixgal. Despois desta experiencia mundial sí sacamos conclusións a cerca da importancia de manter o ensino aínda cando as condicións son adversas e, para iso si é preciso empregar as novas tecnoloxías. Polo tanto, podemos engadir como dato que o feito de solicitar a inclusión no proxecto e-dixgal enriqueceu a competencia dixital do noso alumnado e, seguiremos nesta liña.

Ademais de participar no e-dixgal, o noso centro participa nos contratos programa, tanto na liña CPIInnova como na CPIInlúe e consideramos que ambos son programas esenciais para traballar en valores tan necesarios no alumnado e que, como centro, como comunidade educativa consideramos esenciais. O feito de participar neles posibilita que organicemos actividades, obradoiros, charlas... que son moi enriquecedoras para o noso alumnado, as súas familias e para nós mesmos como docentes.

Participamos tamén no Plan Proxecta, especificamente no Proxecto Terra, programa grazas ao cal imos facendo avances moi importantes e enriquecedores no noso patio de recreo.

Tamén participamos en Voz Natura e traballamos a horta cada curso escolar e valores como o coidado do medio e a reciclaxe.

Participamos tamén no Plan Recupera tentando buscar todas as opcións posibles de apoio para o alumnado vulnerable e axudalo a mellorar cada día e superar as súas dificultades.

Unha vez redactado este Plan dixital serviranos de base para recoller propostas de mellora ou de actuación dentro da nosa PXA do vindeiro curso, así como tamén nos servirá de guía para o traballo no centro que estea relacionado coas novas tecnoloxías.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O noso Plan Dixital de centro está enmarcado na ordes e decretos que se concretan a continuación:

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, pola que se regulan diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas. Así mesmo, o artigo 132 establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022. Pax 5 de 26 Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021, que recolle como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais, que incentiva a formación*

continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

- *Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no cal se fai referencia a unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital, que sexan xeradores de igualdade e de inclusión.*
- *Estratexia Galicia Dixital 2030 e a Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, nas que se recollen as pautas a seguir para a consecución dunha cidadanía dixital plena.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a Atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a orde que o desenvolve, Orde do 8 de setembro de 2021.*
- *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, e onde se recollen as liñas metodolóxicas a seguir na educación actual.*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do PD constituíuse un equipo de Coordinación do Plan dixital constituído por unha coordinadora, a directora do centro, o xefe de estudos e a coordinadora de E-dixgal.

Para a elaboración do mesmo leváronse a cabo reunións periódicas e formacións vía videoconferencia así como contacto constante co mentor correspondente da nosa zona.

Para a redacción das diferentes tarefas previas á creación do PD creáronse documentos de xeito colaborativo para que os diferentes membros do equipo puideran facer a súas aportacións, xa que a coordinación de horarios en períodos lectivos é moi complicada.

Durante o proceso de elaboración procurouse a reflexión constante da realidade do noso centro analizando o cuestionario SELFIE así como o Test de competencia dixital docente co fin de tomar unha instantánea realista da situación actual das tecnoloxías do noso centro e así mellorar de cara o futuro e de plantexarnos uns obxectivos acadables a curto prazo.

As accións levadas a cabo foron as seguintes:

- *Rexistro na aula virtual por parte da persoa coordinadora do plan.*
- *Elaboración da enquisa SELFIE por parte do equipo directivo, do profesorado con dous anos de antigüidade no centro e do alumnado de 5º e 6º (que contan coa ferramenta E-dixgal).*
- *Elaboración do test de Competencia Dixital Docente (test CDD) por parte do profesorado a través da aplicación FProfe.*
- *Análise dos resultados da enquisa SELFIE e do test CDD por parte de todo o equipo docente, e posterior reflexión.*
- *Elaboración dunha matriz DAFO para contextualizar o centro a partir dos resultados analizados previamente e das conclusións obtidas por todo o profesorado.*
- *Análise da matriz DAFO e concreción do plan de acción do centro: obxectivos, punto de partida, indicadores de logro, temporalización, etc.*
- *Elaboración do Plan Dixital de centro.*

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *O noso centro conta con fibra de alta velocidade e tódolos postos do centro contan con conexión por cable e por rede WIFI. A infraestrutura de conectividade do centro foi mellorado co Programa Escolas Conectadas.*
- *Equipamento dispoñible: no centro cóntase cunha aula de informática con 11 dispositivos de mesa e 3 portátiles dos cales 5 están inoperativos. O centro ó estar no proxecto E-dixgal conta con portátiles para cada alumna e alumno dos cursos 5º (13, antes 14) e 6º (9) de educación primaria e para as mestras/es que imparten docencia neses grupos. A directora e secretaria do centro contan cun ordenador de sobremesa localizados nos correspondentes despachos e xefatura de estudos e orientación contan con ordenador portátil. A biblioteca conta cun ordenador de mesa destinado ó uso do programa Meiga e outras funcións relacionadas co uso e xestión da biblioteca, tamén se conta cun portátil conectado a un proxector para poder impartir clases e 3 ordenadores de mesa para ó alumnado. Na sala de profesores se conta cun ordenador de mesa e outro portátil para facilitar a labor docente. Ademais cada titor/a ten un ordenador portátil e tamén hai ordenador de sobremesa na aula de arte e un portátil na aula de música.
Ademais disto contamos con 3 ordenadores que foron recibidos no centro para o empréstimo ao alumnado con problemas de conectividade e que non tiveron que empregarse este curso.*
- *Servizos dixitais educativos: O centro conta cunha páxina web que se emprega como vía de comunicación coa comunidade educativa, publicando novas ou anuncios de interese. Na propia páxina web tense acceso a aula virtual onde as mestras e mestres poden colgar unha serie de recursos que consideren de interese para o proceso de aprendizaxe. Enmarcado no proxecto E-dixgal, o alumnado de 5º e 6º de educación primaria así como os seus profesores, empregan EVA (Entorno Virtual de Aprendizaxe) como ferramenta para o ensino. Para a comunicación coas familias, empregase o espazo Abalar tanto por parte do equipo directivo como das titorías.*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro: UAC, UAC PREMIUM (E-DIXGAL), Servizo externo de reparación e mantemento.*
- *Non temos documento que recolla as indicacións ou normas no uso das TIC, xa que nunca foi unha prioridade no noso centro. Pero si contamos con plan de contingencia da COVID: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipabelendo/system/files/PLAN%20COVID%2021-22%20versi%C3%B3n%2001-09-21.pdf>*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: A seguinte táboa inclúe a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE sendo a media sobre cinco:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	3.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.9				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	3.5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	4.1				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>5</u>	<u>10</u>	<u>50%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>84,1</u>	<u>Integrador/a B1</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	<u>86,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>66,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Primaria	<u>94</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel

A1	<u>1</u>	<u>6,3%</u>
A2	<u>4</u>	<u>25%</u>
B1	<u>5</u>	<u>31,3%</u>
B2	<u>3</u>	<u>18,8%</u>
C1	<u>3</u>	<u>18,8%</u>
C2		
TOTAL	<u>16</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C1. Boas infraestructuras</p> <p>C2. C8 C10 Contamos con suficientes dispositivos dixitais para a ensinanza e aprendizaxe.</p> <p>C3. Boa conexión.</p> <p>C5 Soporte técnico</p> <p>C7 Adecuada protección de datos</p> <p>C14. Espazos físicos</p>	<p>C.15 O alumnado con necesidades educativas especiais non ten suficiente acceso a tecnoloxías asistenciais.</p> <p>C.16 Falta un repositorio de contidos e materiais de ap.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3. Apoio aos profesores para que exploren novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>D1 D2 D3 Se debate sobre o uso da tecnoloxía e o profesorado ten acceso a posibilidades de DPC.</p> <p>E1 E2 E3 E4 E5 O noso profesorado busca recursos educativos dixitais en liña, crea recursos dixitais, utiliza contornas dixitais e en ocasións emprega recursos educativos abertos.</p>	<p>A4. Falta de tempo para explorar ou ensino dixital.</p> <p>B1 Falta avaliar mais nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais,</p> <p>B3 Non empregamos ou suficiente as tecnoloxías para colaborar con outras organizacións.</p> <p>F3 F4 F5 F6 O noso profesorado non fomenta o suficiente a creatividade, nin realiza actividades que fomenten a inclusión e non fomenta a colaboración do alumnado nin cos proxectos interdisciplinares.</p> <p>G1 G3 G5 G6 Noso profesorado non emprega ou suficiente as tecnoloxías dixitais para a avaliación, para facer unha retroalimentación, para a autoreflexión sobre ou aprendizaxe.</p> <p>G7 Non se axuda ao profesorado ó suficiente para a avaliación.</p> <p>G9 Documentación do aprendizaxe.</p> <p>G10 Non se empregan datos para mellorar ou para o aprendizaxe</p> <p>G11 Avaliación das capacidades desenvolvidas fora do centro.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		

	ALUMNADO	C8 Dispositivos dixitais para ou aprendizaxe. C10 Dispositivos para estudantes. H1 a H7 O alumnado aprende a actuar de forma segura e responsable e atopar información e persoas de xeito fiable na internet. H8- H13 No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais, aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais, aprenden a codificar ou programar.	
	FAMILIAS		
	OFERTA	A3 Novas modalidades de ensino	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		C12 FENDA dixital: apoio para abordar dificultades. C15 Tecnoloxías asistenciais. C16 Repositorio G8 Avaliación dixital. A1 Estratexia dixital A2 Desenvolvemento de estratexias co profesorado A4 Tempo para explorar o ensino dixital. B1 Avaliación do progreso. B4 Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1 Infraestruturas C2 Dispositivo para a ensinanza. C3 Acceso a internet. C5 Soporte técnico. C7 Protección de datos C14 Espazos físicos.	C16 Biblioteca/repositorios online
	LEXISLACIÓN	A5 Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. C7 Protección de datos.	
	CONTORNA	C11 FRACTURA DIXITAL: medidas para identificar dificultades	C12 FRACTURA DIXITAL: Apoio para abordar dificultades
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		B3 Colaboración con outros organismos. B4. Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia.

--	--	--	--

3. Plan de Acción

O plan de acción fai referencias á reflexión levada a cabo tras a análise dos diferentes cuestionarios realizados a partir dos cais se redactaron una serie de obxectivos a acadar para o próximo curso.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez analizado o DAFO reflexionamos cales eran a nosas principais debilidades para poder establecer uns obxectivos e poder mellorar neses aspectos.

Establecemos pois as áreas prioritarias e determinamos os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Os obxectivos que nos propuxemos foron os seguintes:

- *Fomentar o uso das novas tecnoloxías entre o profesorado.*
- *Dinamizar a creación de recursos dixitais.*
- *Crear un repositorio de contidos para o centro.*
- *Comezar a realizar a avaliación por medio de novas tecnoloxías.*
- *Crear grupos de aprendizaxe entre os mestres e as mestras.*

:

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As melloras que o noso centro considera primordiais están relacionados co equipamento e a mellora dos equipos do centro, sobre todo aqueles que son para uso do alumnado. Os ordenadores que hai na nosa aula de informática son ordenadores cedidos que, a pesar de estar mellorados incorporando tarxetas ssd, seguen a ser equipos lentos e que dificultan o traballo do alumnado.

Así tamén se necesitarían equipos renovados para a biblioteca de centro, aqueles que son de uso para o alumnado.

Tamén o equipo directivo precisa ordenadores que faciliten o traballo. Pasamos moitas horas cubrindo documentos e traballando con aplicacións e, ás veces, o feito de ter ordenadores obsoletos e lentos, xera un exceso de horas de adicación a causa dos erros que estes equipos producen.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: D, F, H						
OBXECTIVO 1: (1)	Implantar grupos de traballos e formación relacionada coa tecnoloxía.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Que se realice polo menos un curso de formación dixital docente.					
Valor de partida: (3)	0 cursos de formación dixital neste curso					
Valor previsto e data: (4)	1 curso de formación dixital			20/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un grupo de traballo no que compartir diferentes ferramentas dixitais e as súas posibilidades	Coordinador/a plan dixital	01/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Traer ao centro a profesionais expertos en diferentes ámbitos das TIC: avaliación, creatividade, inclusión, colaboración coa comunidade...	Equipo directivo	1/02/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Ensinar entre as mestras e mestres coñecementos en tecnoloxías favorecendo a comunicación entre compañeiros e o co-ensino.	Grupo de traballo docente	1/04/2023	Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B, D, E						
OBXECTIVO 2: (1)	Facilitar o uso de recursos dixitais				Acadado	
Responsable:	Coordinadora TIC, coordinadora Edixgal e coordinadora plan dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Profesorado que crea e emprega recursos dixitais					
Valor de partida: (3)	O 40%					
Valor previsto e data: (4)	O 90%			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Arranxar os ordenadores que adoitan dar fallos (aula de informática, consulta en biblioteca, aula de 2º...)	Coordinador TIC	1/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Informar sobre a oferta formativa de FPROFE neste ámbito	Coordinador/a TIC	1/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Crear un repositorio de contidos na aula virtual do centro.	Coordinadora Edixgal e plan dixital	1/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E, F, G						
OBXECTIVO 3: (1)	Emplear as tecnoloxías para a avaliación				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinadora plan dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de profesorado que emprega a tecnoloxía para avaliar					
Valor de partida: (3)	O 33% do profesorado					
Valor previsto e data: (4)	O 90%do profesorado			20/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Recibir formación para avaliar con tecnoloxías.	Equipo directivo/ Coordinadora plan dixital	22/12/2022	Orzamento, tempo e dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Empregar as tecnoloxías para facer a autoavaliación do alumnado e a avaliación da marcha da clase	Mestras	22/06/2023	Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Empregar as tecnoloxías para facer a avaliación xeral da marcha do curso	Dirección	22/06/2023	Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E, F, G						
OBXECTIVO 4: (1)	Mellorar a aparencia e a utilidade da aula virtual do centro				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo, coordinadora plan dixital, coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Aumento do contido das aulas virtuais e das visitas á mesma por alumnado/ familias e mestras					
Valor de partida: (3)	Aulas non empregadas na maior parte dos casos e sen visitas na maior parte					
Valor previsto e data: (4)	O alumnado entra a lo menos unha vez á semana e as familias tamén e o profesorado entra unha vez cada quince días. Actualízanse os contido semanalmente			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Colgar na aula virtual unha actividade mensual mínima a facer por aula.	Mestras	22/06/2023	Tempo e dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicar novas da aula na aula virtual para as familias alomenos unha vez ao mes.	Mestras	1/03/2023	Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Colgar artigos ou documentos de interese para as familias.	Mestras	20/12/2022	Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Empregar a aula virtual das mestras para compartir e traballar en documentos, colgar os resumos das xuntanzas, material de interese.	Equipo directivo Coordinadora plan dixital coordinadora TIC	22/06/2023	Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A **avaliación procesual** levarase a cabo por parte da coordinadora do Plan dixital unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

A **avaliación final** ó final de curso valorarase o logro dos obxectivos e as propostas de mellora. Farase a través de cuestionarios ou enquisas e, os datos obtidos recolleranse na memoria anual e servirán de punto de partida e mellora para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

O Plan dixital publicarase na web do centro no apartado de Documentos. Enviarase aviso por Abalar ás familias para que saiban onde poden consultalo. Nas xuntanzas de principio de curso comunicaráselle ás familias aqueles aspectos referidos ao Plan que máis relevancia teñan para elas e as súas fillas/os. Ademais estará dispoñible para aquelas persoas que así o soliciten na secretaría do centro.